

## Presentación

Nas páxinas de *Mondoñedo, 1550-1800. Arquitectura y urbanismo de una sede episcopal*, o lector atopará o meirande estudo endexamais feito sobre a evolución urbana e arquitectónica que experimentou a cidade de Mondoñedo dende o Medievo ata os inicios da Idade Contemporánea. O traballo, froito dunha tese de doutoramento presentada na Universidade de Santiago de Compostela, analiza con rigor e cunha linguaxe sinxela o patrimonio monumental desta antiga capital do Reino de Galicia. As súas prazas e rueiro, a desaparecida muralla de orixe medieval, a catedral e os conventos, así como os hospitais, cárceres e as vellas infraestruturas municipais, son as protagonistas desta obra que reconstrúe un Mondoñedo en parte perdido, pero ao mesmo tempo un Mondoñedo que afortunadamente conservamos e que aínda está por descubrir. Noso é o deber e o privilexio de coñecelo, coidalo e desfrutalo.

O autor do libro é o doutor en Historia da Arte Javier Gómez Darriba, lucense de cuna pero mindoniense de corazón, quen soubo mergullarse en diversas fontes arquivísticas e bibliográficas coas que configurar un estudo inédito acerca da nosa historia e da nosa arte, vencelladas inexorablemente aos acontecementos e estilos artísticos que en cada época se produciron en Galicia e no resto de España. É un orgullo contribuir humildemente a que tan xove talento adique o seu tempo e as súas investigacións a seguir demostrando que estudar Mondoñedo é sinónimo de achados e sorpresas de incalculable valor. As administracións deben ser capaces de seguir motivando o estudo, a investigación, e, sobre todo, o interese en pór en valor a Historia e a Historia da Arte.

Os mellores desexos para Javier Gómez Darriba, en cuxo éxito profesional sempre estará un anaco de Mondoñedo.

En las páginas de *Mondoñedo, 1550-1800. Arquitectura y urbanismo de una sede episcopal*, el lector encontrará el mayor estudio jamás realizado acerca de la evolución urbana y arquitectónica que experimentó la ciudad de Mondoñedo desde el Medievo hasta los inicios de la Edad Contemporánea. El trabajo, fruto de una tesis doctoral presentada en la Universidade de Santiago de Compostela, analiza con rigor y con un lenguaje sencillo el patrimonio monumental de esta antigua capital del Reino de Galicia. Sus plazas y callejero, la desaparecida muralla de origen medieval, la catedral y los conventos, así como los hospitales, cárceles y las viejas infraestructuras municipales, son las protagonistas de esta obra que reconstruye un Mondoñedo en parte perdido, pero a la vez un Mondoñedo que afortunadamente conservamos y que todavía está por descubrir. Nuestro es el deber y el privilegio de conocerlo, cuidarlo y disfrutarlo.

El autor del libro es el doctor en Historia del Arte Javier Gómez Darriba, lucense de cuna pero mindoniense de corazón, quien supo zambullirse en diversas fuentes archivísticas y bibliográficas con las que configurar un estudio inédito sobre nuestra historia y nuestra arte, vinculadas inexorablemente a los acontecimientos y estilos artísticos que en cada época se produjeron en Galicia y en el resto de España. Es un orgullo contribuir humildemente a que tan joven talento dedique su tiempo y sus investigaciones a seguir demostrando que estudiar Mondoñedo es sinónimo de descubrimientos y sorpresas de incalculable valor. Las administraciones deben ser capaces de seguir motivando el estudio, la investigación, y, sobre todo, el interés en poner en valor la Historia y la Historia del Arte.

Los mejores deseos para Javier Gómez Darriba, en cuyo éxito profesional siempre habrá un trozo de Mondoñedo.

MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ

*Primera teniente de alcalde y concejala de Turismo y Medio Ambiente*

*Concello de Mondoñedo*